



# FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA

## OBXETO E FUNCÍONS

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA ten por obxecto a defensa e a promoción da Halterofilia.
2. Corresponde á FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, o Goberno, Administración, Xestión, Organización e Regulamentación da Halterofilia

### **\* En consecuencia é propio dela:**

- a.A convocatoria das seleccións deportivas e a designación dos deportistas que as integren.
- b.Colaborar coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción da Halterofilia.
- c.Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d.Colaborar e organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e.Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f.Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores e árbitros segundo a normativa vixente.
- g.Contratar o persoal necesario para o cumprimento das súas funcións.
- h.En xeral, cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora da Halterofilia.



# FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA

**\* Son funcións públicas delegadas, en réxime de exclusividade:**

- a.Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da Halterofilia.
- b.Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c.Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos nesta lei.
- d.Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e.Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f.Exercer a potestade disciplinaria de acordo á lei, aos estatutos e aos distintos regulamentos.
- g.Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h.Colaborar coas administracións públicas na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Instruíndo e resolvendo os expedientes sancionadores no ámbito da dopaxe consonte o establecido no título VIII da lei do Deporte de Galicia.
- i.Calquera outra que regulamentariamente se determine ou lle sexa atribuída pola lexislación vixente

3. Os actos adoptados pola FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA no exercicio das funcións propias ou delegadas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, cando as resolucións esgotan a vía administrativa.